



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

NOTA

A publicación da Orde do 7 de setembro de 2011 pola que se deixa sen efecto a Orde do 1 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a edición en lingua galega de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios, responde á necesidade de aplicar un reaxuste extraordinario nos orzamentos inicialmente asignados para 2011 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Dada a importancia da convocatoria de subvencións á edición de recursos educativos curriculares para o sistema de ensino galego, a Secretaría Xeral de Política Lingüística publicará proximamente unha nova convocatoria de axudas que manteña as bases da anterior.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2011